

BASES DO 2º CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL NO CONCELLO DE GONDOMAR

A Concellería de Comercio e Turismo do Concello de Gondomar, organizan o 2º *Concurso de decoración de Nadal* no municipio coa intención de fomentar a participación cidadá no embelecemento e ornamentación da vila nestas datas, facendo complices tanto ao pequeno comercio local como a veciñanza coas súas vivendas particulares.

Mediante este concurso, queremos promover a creatividade e deixar voa a imaxinación, potenciar o ambiente de Nadal e crear unha armonía que faga do noso municipio un atractivo para os visitantes.


A resolución deste concurso irá a cargo dun xurado que será o encargado de valorar todas as decoracións presentadas, e así mesmo, será o encargado de ditar os premios económicos que se acaden en cada categoría.

OBXETO

Estas bases establécense coa finalidade de regular o “*II Concurso de decoración de Nadal*” para fomentar a participación veciñal no embelecemento da vila nestas datas, garantindo a igualdade de trato entre todos os participantes, que deberán aceptalas íntegramente unha vez presentada a solicitude de participación na oficina do Rexistro Xeral ou mediante Sede Electrónica.

DATAS DE CELEBRACIÓN

A decoración deberá estar exposta alomenos dende o **2 de decembro de 2022** ata o **7 de xaneiro de 2023**.



REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar no concurso todas as vivendas ou pequenos comercios locais que se atopen situados no termo municipal de Gondomar.

A decoración e adornos que se empreguen, deberán ser típicos de Nadal, e valorarase en positivo empregar elementos reciclados.

Os participantes aceptaran no momento de entrega da solicitude a aceptación da visita do xurado para valorar a decoración.

CATEGORIAS E MODALIDADES

Establécense dúas categorías:

1. PEQUENO COMERCIO LOCAL

Nesta categoría ten cabida todo tipo de comercio/negocio situado no termo municipal de Gondomar.

Nesta modalidade, o establecemento poderá decorar o interior, exterior ou escaparate do seu local co ambiente propio do nadal, utilizando elementos típicos destas datas e iluminación con ornamentación. Os obxectos de venda que se poidan ver afectados con esta decoración, podrán ser cambiados durante o periodo do concurso, sen que se modifique a decoración inicial, e sen que sexa vinculante co veredicto do xurado

2. VIVENDAS


Nesta categoría, poderán participar todas aquelas vivendas unifamiliares que se atopen no termo municipal de Gondomar.

Dentro da categoría de vivendas, vamos a diferenciar dous tipos de decoración:

- a) **DECORACIÓN DE VENTÁS OU BALCÓNS:** Nesta modalidade, a veciñanza poderá decorar as súas ventás ou balcón co ambiente propio do nadal, utilizando elementos típicos destas datas e iluminación con ornamentación, sempre que sexa visible dende a vía pública.
- b) **VIVENDAS UNIFAMILIARES OU XARDÍN:** Nesta modalidade, a veciñanza poderá decorar a súa vivenda ou xardín co ambiente propio do nadal, utilizando elementos típicos destas datas e iluminación con ornamentación.

En ningún caso, a decoración de Nadal, poderá invadir a vía pública causando danos ou sendo un perigo para as persoas e a seguridade viaria.

Os participantes nesta modalidade, deberán escoller unha soa modalidade, non podendo participar nas dúas de maneira simultánea.



INSCRICIÓN

Para participar no “II Concurso de decoración de Nadal”, é necesario entregar cuberto o ANEXO I que se achega nestas bases na oficina de Rexistro Xeral do Concello de Gondomar ata as 14:00 h ou mediante Sede Electrónica ata as 23:59h antes do **11 de decembro de 2022**.

Só será aceptada unha solicitude por persoa.

Non se admitirán solicitudes fora de prazo.

Os participantes inscritos no concurso, deberán aportar alomenos 1kg de alimentos típicos de Nadal para o banco de alimentos municipal.

No momento da inscrición e no mesmo ANEXO, os participantes aceptan e autorizan a visita as vivendas e/ou locais para que o xurado faga a súa valoración, de non consentilo, deberán sacar unhas fotografías da decoración totalmente rematada e enviala ao correo electrónico comercio@concellodegondomar.gal antes do **11 de decembro**, facendo constar o número de rexistro de entrada da solicitude.

Alomenos deberán ser 3 fotografías, nas que se aprecie a decoración dende diferentes perspectivas.

MONTAXE

Na decoración de nadal ten cabida a composición de elementos, ornamentación de fachadas, entradas, ventás, escaparates, balcóns, árboles, etc... que formen parte das modalidades participantes.

Os elementos decorativos que se empreguen, deberán colocarse sen causar ningún perigo nin perxuizo para as persoas.

No caso de utilizar zonas comúns ou tramos de vía pública, deberá contar tanto coa autorización dos outros propietarios, se os houbera, como da autorización municipal correspondente.

En calquera das categorías, os participantes serán os encargados e responsables da seguridade, montaxe, coidado, mantemento e desmontaxe ata finalizar o concurso.



PREMIOS

O Concello de Gondomar, repartirá premios por valor de 1.000€ repartidos da seguinte maneira segundo as categorías:

a) COMERCIO

DECORACIÓN INTERIOR:

- 1º PREMIO: 200€
- 2º PREMIO: 100€

b) VIVENDAS

VENTÁS OU BALCÓNS:

- 1º PREMIO: 200€
- 2º PREMIO: 100€

VIVENDA UNIFAMILAR OU XARDÍN:

- 1º PREMIO: 200€
- 2º PREMIO: 100€

Entre todos os participantes da modalidade de vivenda, excepto os gañadores, haberá un sorteos de dúas tarxetas prepago por importe de 50€ cada unha.

O importe dos premios de ambas categorías, só poderá ser gastado en Gondomar e no pequeno comercio local.

Os premios serán aboados mediante **tarxetas prepago**. O funcionamento das mesmas explicárase no momento da entrega das tarxetas.

XURADO

O xurado do concurso será o encargado de valorar a todos os participantes previamente inscritos e estará composto por:

PRESIDENTE: Alcalde ou en quen delegue.


SECRETARIA: AEDL técnica de Emprego.

VOGAIS: Concelleira de Comercio e Turismo.

Director do Obradoiro de Emprego.

Unha Veciña ou veciño de Gondomar escollido/a ao azar.

A persoa de Gondomar escollida para formar parte deste xurado, non poderá participar no concurso de decoración, nin elas nin a súa unidade familiar.



Calquera das persoas integrantes neste xurado, poderán ser substituídas polas persoas que determine a Alcaldía.

O xurado visitará as decoracións presentadas entre os días 12 e 20 de decembro. No caso de vivendas unifamiliares, o presidente do xurado ou en quen delegue citarase coos participantes para acordar o horario e o día de visita.

O xurado tamen poderá visitar fora das datas establecidas as decoracións previamente inscritas, para comprobar que non houbo modificación nas mesmas.

CRTITERIOS DE VALORACION

O xurado valorará aos participantes segundo os seguintes criterios:

- a) Motivos decorativos exclusivamente navideños ou referentes a temática citada anteriormente.
- b) Orixinalidade na decoración.
- c) Utilización de material reciclado.
- d) Boa iluminación.
- e) Metros/extensión a ocupar.

Cada criterio será valorado entre 1 e 5 puntos.

No caso en que mais dun participante obteñan a mesma puntuación, o empate será resolto co voto de calidade do Presiente ou en quen delegue.

O incumplimento de calquera punto destas bases, recibirá unha penalización de menos dous puntos.

FALLO

O resultado da valoración dos participantes, darase a coñecer o día **22 de decembro de 2022** mediante a publicación no taboeiro de anuncios e na páxina web municipal.

A notificación aos premiados farase mediante correo electrónico ou aviso telefónico, e citarase aos mesmos para recoller os premios nas dependencias do Concello, nas datas e hora todavía por determinar.

OBRIGAS DOS PARTICIPANTES E OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Os participantes comprométese a cumprir íntegramente estas bases no momento en que formalicen a inscrición no concurso, entregando o ANEXO I polos medios indicados.



- O incumprimento dalgunha norma destas bases conlevará a penalización de menos dous puntos. Incumprir mais de 5 normas de participación conlevará a descalificación do concurso.
- O Concello de Gondomar reservase o dereito de introducir, se o ve conveniente, algunha modificación que fose necesaria para o bo funcionamento do concurso.
- O Concello de Gondomar reservase o dereito de suspender ou cancelar o concurso sen que isto conleve ningún tipo de indemnización para os participantes.
- O Concello de Gondomar como entidade organizadora, comprométese a facer un seguimento do cumprimento do concurso e resolver cantas dudas poidan xurdir durante o desenvolvemento do concurso.
- Só será aceptada unha solicitude por persoa.
- As presentes bases aparecerán recollidas e estarán publicadas durante todo o periodo do concurso na páxina web municipal: www.concellodegondomar.gal
- Para levar a cabo este concurso deberá haber un mínimo de 10 participantes.

